

## PEZA DO MES

outubro

2005



**BOLSA DE CORPORAIS**



## BOLSA DE CORPORAIS

Bolsa de corporais

Obradoiro madrileño (?)

Terceiro tercio do século XVIII

Seda, liño, metais

27 x 27cm

San Lorenzo de Cañón, Celanova

A carón das seccións de Arqueoloxía e Belas Artes, o Museo, ao longo da súa azarosa e longa historia, foi creando ademais unhas coleccións heteroxéneas, incluso, por qué non decilo, variopintas, onde se clasifican eses obxectos que os historiadores clásicos da arte denominan como artes menores ou artes suntuarias. Artes que se alimentan da Arte con maiúsculas sen ningunha dúbida, pero dícenos dos gustos das xentes, do seu bo facer e da súa mestría, amosándonos o seu verdadeiro sentir, o bulir da vida cotiá e a súa espiritualidade. Os que as realizan, sen deixar de ser artesáns, non renuncian á obra perfecta, ao deseño funcional. Algúns tan ben feitos, que perduran no tempo co afán de facerse eternos. Están compostas por ourivería, cerámica, vidro, etc... e tecidos.

A bolsa de corporais que hoxe presentamos como peza do mes pertence á indumentaria litúrxica dentro da sección de tecido. Ingresou por compra en 1956, procedente da pequena parroquia de San Lorenzo de Cañón, Arciprestazgo de Celanova.

Está realizada en raso de seda de cor branca bordada con fíos de seda de gran delicadeza crómica en rosa palo, beige e distintos tons de verde e azul, mesturados

con fíos metálicos que marcan luces e sombras, compoñendo un deseño de flores, follas e abrochos que ocupan todo o espazo en disposición simétrica. Todo o bordado está salpicado de lentexuelas e canutillos de prata que crean pequenos fulgores ao incidirle a luz, plenamente barrocos. No anverso, no centro, rompendo o espazo e dentro dunha ráfaga solar, está representada a Inmaculada sobre o crecente luar, vestida cun amplo manto azul pragado de estrelas. O interior está formado por entretelas de liño forradas de seda verde

Desde un punto de vista técnico é un bordado “al pasado”, culto ou “erudito” realizado en punto de matiz ou “pintura a la aguja” (acu pictae), matizado con punto de nós, para pétalos e follas, utilizando cordoncillo e cadeneta de puntada larga para “abrir rostros” e “peinar cabelos”. É un tipo de bordado de gran vistosidade no que se acostuma a utilizar “seda flor”, que é unha seda lasa moi apropiada para que as puntadas queden ben unidas e den sensación de pintura. O deseño que se vai reproducir tiña un modelo a toda cor que logo se copiaba no tecido; estes debuxos perfílanse por medio duns sinxelos puntos de “bastilla” ou cordoncillo, que na nosa peza pódense ver claramente naquelas partes que están deterioradas. Por último cúbrese o motivo con puntadas lanzadas en disposición alterna e de variados tamaños, seguindo a traza do debuxo. A composición, complétase con bordado “en ouro” coa técnica de fíos tendidos suxeitos por pequenas puntadas con fíos de seda amarela e verde formando diferentes motivos: “setillos”, “empedrados” e “espiral”. Nestes puntos o ouro non atravesa o lenzo, senón que se superpón á tea; para a súa realización o bordador ten na súa man esquerda a broca cos fíos de ouro que vai desenrolando e extendendo, mentres que coa dereita suxeita a agulla co fío de seda, que é a que atravesa o bastidor para fixar o metal á tea. Estes motivos están realizados con fío *muestra*; este tipo de fío moi empregado na actualidade, está formado por varios fíos de seda recubertos por unha fina lámina de cobre dourada ou prateada, que se coñece na documentación como ouro falso; o labor é igual de vistoso pero de peor calidade e por suposto máis barato. O resultado é unha peza primorosa, mostra da calidade acadada por algunha destas prendas da indumentaria litúrxica utilizadas nas nosas igrexas e mosteiros, e das que sería moi necesario facer un inventario e mirar pola súa conservación.

A elaboración dunha peza bordada deste tipo, tanto de uso civil como relixioso, é un proceso complexo que require de imaxinación para crear os deseños, destreza técnica



DETALLES DOS FÍOS DE CANUTILLOS E FÍOS TENDIDOS METÁLICOS

ca e sensibilidade para elixir cores e combinar os motivos. A maioría do bordado culto está realizado por homes, como se constata na documentación; a muller, aínda que as damas das cortes bordaban, poucas veces chegou á mestría. A mediados do século XVIII as Sociedades Económicas de Amigos do País tentaron regularizar a ensinanza, que según algúns informes estaba “sin cabeza, ni arreglo”, dictando novas normas que incorporaban á muller e ás nenas a este traballo, pero con isto abarataron os custos e desprestixiouse o oficio.

Os contratos entre bordador e cliente eran moi precisos, fixébase a calidade da tea e a súa procedencia. Nas condicións dun terno negro que saca a subasta o cabido da catedral de Santiago faise constar “que las sedas todas sean finas y de granada para los matices” e “bordadas con oro fino de milán”. Tamén se marcan as dimensións das cenefas, os motivos e a técnica a empregar, e se usaban “quadros”, especificábanse as figuras que formaban o tema, e a súa composición; na documentación cítanse incluso pintores recoñecidos que non desdeñan facer cartóns para o bordado.

Os corporais (acostuman a citarse en plural) son un lenzo de liño puro e branco, de forma cadrada e sen adornos, previamente bendecido, que coloca o sacerdote sobre o altar no momento do ofertorio para preservar o cáliz e a Sagrada Forma. Na actualidade o seu tamaño é algo menor co ancho do altar pero, tanto a súa forma como composición variaron ó longo dos séculos.

Desde os primeiros tempos do cristianismo o altar, dada a importancia do acto que nel se celebraba, concentrou toda a atención e coidados dos fieis polo que é moi probable que tanto manteis como corporais se usasen desde o principio. O seu uso aparece por primeira vez documentado nun texto apócrifo do século II e xa a finais do século IV, Optato de Mileto refírese a eles como algo común e coñecido. Son tamén numerosas as mostras na arte siria

e bizantina dos primeiros anos nos que aparecen representados. O célebre altar do mosaico de San Vital en Rávena (s. VI) está cuberto por un amplo mantel branco, gornecido de flocos e adornado cun bordado no centro. Outro semellante, pero este sen fleco, atopámolo na mesa eucarística á que se acerca Melquisedec, Abraham e Abel nos mosaicos de *San Apolinar in Classe* na citada cidade.

No século VIII comezan a multiplicarse os manteis (*pallae*), sen dúbida para evitar que o viño consagrado se derramase pola mesa. Por esta época é cando o mantel superior, que estaba en contacto co corpo de Cristo, comenzou a chamarse *palla corporalis* e a ter uns coidados e disposicións eclesiásticas concretas. Neste período eran o suficientemente grandes para cubrir o cáliz con el, desempeñando a función de a palia. Xeralmente eran de liño e brancos pola súa alta significación simbólica, pero como nos recorda López Ferreiro, nos inventarios da catedral de Santiago cítanse de seda vermella e ouro e de liño de cor.

Polo seu contacto directo coa eucaristía, o corporal foi moi venerado na Idade Media, máis que as reliquias dos santos; curaban enfermidades, protexían contra os incendios e en moitas igrexas dábase a bicar para curar o mal de oídos. Estaba prohibido que a muller, aínda que estivese consagrada a Deus, puidese tocalos, e eran os diáconos e subdiáconos os encargados do seu cuidado e limpeza. Terminada a celebración dobrábanse e gardábanse nunha bolsa ou “caxas de corporales” (*corporas case*) cando menos desde o século XV. En contraste coa austeridade do corporal, sobre estas bolsas desprégase un amplo repertorio decorativo e utilizábanse os máis ricos tecidos para dar magnificencia ao que nelas se gardaba.





O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.  
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Ana María Veiga Romero e Susana Rodríguez González

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO